

O Moucho.

Un acontecemento editorial



No ano 1967 Editorial Castrelos, da man de Xosé María Álvarez Blázquez, vai botar a andar unha iniciativa absolutamente sorprendente polo que significou na época co lanzamento de *O Moucho*, colección de libros pensados para un consumo popular e de masas. O esforzo editorial foi inmenso e, se reparamos na época en que se produciu, increíble, pois no ano 1975, Edicións Castrelos foi capaz de distribuir esta colección, así como os outros libros do seu fondo editorial, xa non só nunhas 230 librerías (cantidade aínda hoxe máis que meritoria), senón tamén en papelerías, quioscos e, incluso, estancos, tendas de ultramarinos, ferraxerías...

Deste xeito, o editor Álvarez Blázquez enchía de libros en galego todo o país.

Mostra deste fito son títulos como *O catecismo do labrego* do que chegaron a venderse máis de 15 edicións.

Moitos dos títulos da colección eran da propia autoría de Álvarez Blázquez, ás veces, asinados con pseudónimo.

Se *O Moucho* foi un acontecemento editorial, non é esaxerado dicir que o foi tamén desde un punto de vista artístico, pois o debuxante Bofill vai ser o portadista, dotando a toda a colección dunha personalidade que aínda hoxe nos entusiasma pola súa forza.



OS MOUCHOS

O catecismo do labrego, de Valentín Lamas Carvajal

Foliadas do gaitero, de Xoán Manuel Pintos

O refraneiro do viño. Recollido do pobo. Con nota dos editores sen asinar. A autoría é do propio Xosé María Álvarez Blázquez.

Sal e pementa. Escolma de epigramas. Seleccionada por Xosé María Álvarez Blázquez.

Cantigas do viño. Recollidas do pobo. Con nota dos editores.

O libro do marisco. Antoloxía. Ordenación, limiar e notas de Xosé María Álvarez Blázquez.

O libro da caza. Recollido do pobo. Limiar sen asinar.

Cantares de cego. Recadádiva. Limiar e notas de Xosé María Álvarez Blázquez.

Libro do porco. Recollido do pobo. Limiar sen asinar (Xosé María Álvarez Blázquez).

Xan labrego. Antoloxía. Con nota dos editores sen asinar (Xosé María Álvarez Blázquez)

Os tesouros de Galicia. O Ciprianiño. Recolle as maxias e tradicións da Galicia dos tesouros a partir dun texto do século XVII.

Os nomes da terra. Asinado por Celso de Baión, pseudónimo de Xosé María Álvarez Blázquez.

O maroutallo. Narrativa breve. Ramón Otero Pedrayo.

Cousas. Terceiro libro. Castelao.

O Tío Miseria e outros contos. Enrique Labarta Pose.

Pedro Madruga. Vasco da Ponte. Texto moi significativo do século XV. Biografía dun dos grandes personaxes da historia galega da época.

Contos do pobo. Rosalía de Castro.

A barca do inferno. Gil Vicente. Introducción e notas de Xosé Landeira Yrago.

Galegos en Europa. Lois Vázquez Fernández.

O libro do amor. Escolma e limiar de Darío Xohán Cabana.

A pega rabilonga e outras historias de tesouros, de Xosé María Álvarez Blázquez.



1983

Candidato ás eleccións municipais polo Partido Galeguista

1985

2 de marzo. Morre en Vigo

O Editor

